

RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL

EXPEDIENTE	2024002867
ASUNTO	Servizo de auditoría externa do controlador de primeiro nivel dos proxectos BIOCOSTEIRO (0141_BIOCOSTEIRO_1_E) e C2 AXENDA 2030 LOCAL (0020_C2_AGENDA_2030_LOCAL_6_E), do Programa de Cooperación Transfronteiriza España – Portugal (POCTEP) 2021-2027; e BEAP-MAR (EAPA_0032/2022), do Programa de Cooperación Transnacional Espazo Atlántico 2021-2027
TRÁMITE	Aprobación do expediente de contratación

ATC/jrf

A deputada delegada da área de Infraestruturas Públicas, Mobilidade e Contratación, en virtude das facultades que ten atribuídas, dita a seguinte RESOLUCIÓN:

Dentro da Cooperación Territorial Europea, están o Programa de Cooperación Interreg VI A España – Portugal 2021-2027 (POCTEP), e o Programa INTERREG ESPAZO ATLÁNTICO 2021 – 2027, cofinanciados polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER). A Deputación de Pontevedra, participa como Beneficiaria Principal (BP) das axudas concedidas aos proxectos BIOCOSTEIRO (0141_BIOCOSTEIRO_1_E) e C2 AXENDA 2030 LOCAL (0020_C2_AGENDA_2030_LOCAL_6_E) do POCTEP; e como beneficiario socio no BEAP-MAR (EAPA_0032/2022) do Programa de Cooperación Transnacional Espazo Atlántico 2021-2027. Para poder validar os gastos, e obter o reembolsos subvencionables dos citados proxectos, a Deputación debe solicitar á Dirección Xeral de Fondos Europeos (DGFE) do Ministerio de Facenda a designación dun controlador de primeiro nivel que será o responsable de realizar as correspondentes verificacións. Por este motivo, os servizos solicitantes propoñen a contratación dunha asistencia técnica para a prestación de dito servizo de auditoría de control de primeiro nivel dos citados proxectos, e coa súa execución realizar a proposta á Autoridade responsable da validación do gasto, xustificándose así a súa idoneidade e necesidade conforme co artigo 28 LCSP. No caso de que o adxudicatario non fose aprobado pola Autoridade responsable da validación do gasto, decaerá e quedará sen validez a adxudicación, pasando a seleccionarse ao seguinte licitador que obtivese mellor valoración de acordo á orde descendente en que quedasen clasificadas as ofertas.

As competencias da Deputación Provincial neste ámbito atopan acomodo na “cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais AAPP neste ámbito”, como así se recoñece no art. 36.1.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime local, e en base ás axudas dos programas de Cooperación Interreg VI A España – Portugal 2021-2027 (POCTEP), e INTERREG ESPAZO ATLÁNTICO 2021 – 2027, ós que se presentaron ás candidaturas “BIOCOSTEIRO”, “C2 AXENDA 2030 LOCAL”, e “BEAP-MAR”, todos eles cofinanciados polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER).



Os traballos a realizar obxecto do contrato son necesarios para a validación do gasto que se realice no marco dos citados proxectos europeos, e deben ser realizados por un controlador de primeiro nivel autorizado pola DXFC do Ministerio de Facenda de España. Polo tanto, aínda que os diferentes servizos responsables dos proxectos dispuxeran dos medios materiais e humanos, estes non poderían executar os traballos dado que a normativa establecida require que sexa mediante auditoría externa. Así, o beneficio de acudir a unha contratación externa responde a propia natureza do contrato e cumprimento da normativa do FEDER no marco do Programa de Cooperación Territorial Europea (INTERREG).

En base ao exposto, con data 10/06/2024, os Deputados Delegados de Fondos Europeos, Innovación e Axenda Dixital e Cooperación Local, D^a. María Ramallo Vázquez, Medio Ambiente e Mar, D. Marcos Guisasa Padín e Reto Demográfico, Acción Comunitaria e Equipamentos Públicos e Estación Fitopatolóxica de Areiro, Javier Tourís Romero, en virtude das competencias delegadas da Presidencia en materia de contratación, ditan Providencia de Inicio de expediente para a contratación, mediante procedemento aberto simplificado abreviado, do Servizo de auditoría externa do controlador de primeiro nivel dos proxectos BIOCOSTEIRO (Lote 1) e C2 AXENDA 2030 LOCAL (Lote 2), do Programa de Cooperación Transfronteiriza España – Portugal (POCTEP) 2021-2027; e BEAP-MAR (Lote 3), do Programa de Cooperación Transnacional Espazo Atlántico 2021-2027. Xunto coa providencia, o servizo achega o prego de prescricións técnicas.

Visto que con data 17/06/2024, pola intervención emítese documento RC nº 202400142404, por importe de 738,71 €, con cargo á aplicación orzamentaria 24/410.1708.227.06 do vixente orzamento provincial, correspondente co Lote 1; documento RC nº 202400142424, por importe de 1.477,41 €, con cargo á aplicación orzamentaria 24/942.9434.227.06.2023 do vixente orzamento provincial, correspondente co Lote 2; documento RC nº 202400142427, por importe de 738,71 €, con cargo á aplicación orzamentaria 24/413.4194.227.06 do vixente orzamento provincial, correspondente co Lote 3; documento RCFUT1 nº 202400142430, por importe de 1.477,41 €, con cargo á aplicación orzamentaria que será, no seu caso, a 25/410.1708.227.06 do orzamento provincial correspondente ó exercicio 2025, correspondente co Lote 1; RCFUT1 nº 202400142433, por importe de 1.477,41 €, con cargo á aplicación orzamentaria que será, no seu caso, a 25/942.9434.227.06 do orzamento provincial correspondente ó exercicio 2025, correspondente co Lote 2; e RCFUT1 nº 202400142435, por importe de 1.477,41 €, con cargo á aplicación orzamentaria que será, no seu caso, a 25/413.4194.227.06 do orzamento provincial correspondente ó exercicio 2025, correspondente co Lote 3, quedando condicionado o gasto dos exercicios futuros á aprobación dos correspondentes orzamentos provinciais e á existencia de crédito axeitado e suficiente nas respectivas aplicacións orzamentarias.

Visto que o servizo de Contratación elabora o borrador do prego de cláusulas económico administrativas particulares e o proxecto da memoria xustificativa, e con data 21/06/2024, solicita o preceptivo informe á Secretaría Xeral da Deputación de Pontevedra.

Tendo en conta o informe favorable da Secretaría Xeral, de data 25/06/2024, cos observacións recollidas no mesmo (CSV: ZL02DCSHADKPBVUT)

Visto que con data 26/06/2024, o servizo de Contratación solicita o preceptivo informe de fiscalización a Intervención, nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.



Visto o informe complementario á Providencia de Inicio emitido polas xefas dos servizos xestores do contrato, de data 28/06/2024 (CSV: X2FYIJPYMES5BUNH)

Visto o informe favorable emitido por Intervención con data 13/08/2024, tendo en conta o sinalado no mesmo (CSV: JFC6l28ON5G8IHUC)

Tendo en conta o artigo 17 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal califícanse como contratos de servizos os contratos que teñen por obxecto prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou subministración.

Tendo en conta os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade y que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.

Tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

Por todo o exposto, por Resolución da Presidencia número 2024005761, de delegación de atribucións da Presidencia nos centros e áreas de servizos, de 10 de xullo de 2024, delegáronse na Deputada María Isabel Couselo Torres as competencias en materia de contratación, correspondéndolle respecto deste contrato as competencias como órgano de contratación de conformidade co establecido na disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, parágrafo 1, do artigo 185.1 e 3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e do establecido na base 16.1.b) de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra,

RESOLVO:

1.- Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto simplificado abreviado do artigo 159.6 LCSP, do "Servizo de auditoría externa do controlador de primeiro nivel dos proxectos BIOCOSTEIRO (0141_BIOCOSTEIRO_1_E) e C2 AXENDA 2030 LOCAL (0020_C2_AGENDA_2030_LOCAL_6_E), do Programa de Cooperación Transfronteiriza España –Portugal (POCTEP) 2021-2027; e BEAP-MAR (EAPA_0032/2022), do Programa de Cooperación Transnacional Espazo Atlántico 2021-2027".

A duración do contrato vai asociada a execución dos proxectos BIOCOSTEIRO, C2 AXENDA 2030 LOCAL e BEAP-MAR e ata a última verificación do gasto dos mesmos, estimándose un prazo máximo de duración de 28 meses dende a formalización do mesmo e, en todo caso, ata o 31 de decembro de 2026.



2.- Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: WVW5W554FZMI6DUo) e de prescricións técnicas (CSV: RXJXJ9SLUFQDJHBK) que rexerán dita contratación.

3.- Autorizar o gasto polo importe máximo de 10.341,88 euros (IVE engadido) con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

LOTE 1: BIOCOSTEIRO		
2024	410.1708.227.06 (Proxecto de gasto 2400002)	738,71 €
2025	410.1708.227.06 (Proxecto de gasto 2400002)	1.477,41 €
2026	410.1708.227.06 (Proxecto de gasto 2400002)	1.477,41 €
LOTE 2: C2 AGENDA 2030		
2024	942.9434.227.06.2023 (Proxecto de gasto 2300004)	1.477,41 €
2025	942.9434.227.06 (Proxecto de gasto 2300004)	1.477,41 €
LOTE 3: BEAP MAR		
2024	413.4194.227.06 (Proxecto de gasto 2400001)	738,71 €
2025	413.4194.227.06 (Proxecto de gasto 2400001)	1.477,41 €
2026	413.4194.227.06 (Proxecto de gasto 2400001)	1.477,41 €
En todo caso, os gastos dos exercicios 2025 e 2026 quedarán condicionados á aprobación dos respectivos orzamentos provinciais e á existencia de crédito axeitado e suficiente nas correspondentes aplicacións orzamentarias.		

4.- Nomear responsables dos contratos a: Concepción López Paz, Xefa do Servizo de Medio Ambiente, respecto do Lote 1; Marina Piñeiro Novo, Xefa de Servicio de Cooperación cos Municipios, respecto do Lote 2; e Olga Agúin Casal, Xefa da sección de Bioloxía Molecular da Estación Fitopatolóxica Areiro, respecto do Lote 3.



5.- **Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación** do presente contrato, concedendo un prazo para a presentación de proposicións, que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de **10 días hábiles**, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante.

(Documento asinado electronicamente).

Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da súa notificación ou publicación (artigos 112 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Todo iso sen perxuízo de que poida utilizar calquera outro recurso que estime conveniente.

